

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

Proxecto dunha Rosalía completa en alemán

Aurora López | Andrés Pociña

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Proxecto dunha Rosalía completa en alemán. A primeira edición de *Cantares gallegos* na lingua xermana

Aurora López
Universidad de Granada
auroral@ugr.es

Andrés Pociña
Universidad de Granada
apocina@ugr.es

1. Problemas dos comezos dunha edición das obras completas de Rosalía en *alemán*.

No ano 2015 o romanista alemán Christian Switek comeza a publicación dun ambiciosísimo proxecto de edición das obras completas de Rosalía en alemán: máis ou menos pola mesma data, no volume I da revista *Follas novas*, no noso artigo sobre as “Últimas tendencias na bibliografía de e sobre Rosalía”^[1], ocupábamnos por primeira vez da obra de Switek, con estas precisións que agora procede lembrar outra vez sen facer cambios:

“Cando tiñamos practicamente rematada esta síntese das novidades bibliográficas máis chamativas no eido das traducións, aparecen, con poucos meses de diferenza, dous libros que cambian por completo a situación e perspectivas de Rosalía en alemán, lingua na que a situación era máis ben pouco airosa. Áurea Fernández Rodríguez, no seu interesante

[1] López e Pociña, 2016.

estudo das traducións que xa lembramos^[2], dedica un apartadiño á “Cultura xermánica”, parágrafo breve (p. 700), porque o tema non daba para máis; malia ter ela omitido unha tradución bilingüe, nun fermoso volume, aparecida en Frankfurt no ano 1987^[3], a penuria de Rosalía en alemán era obvia. Mais agora, por obra dun romanista moi ben informado sobre a nosa autora e a bibliografía a ela comcernente, Christian Switek, que no ano 2000 defendeu unha tese precisamente sobre Rosalía^[4], temos en alemán os dous primeiros volumes do que se proxecta como Obras completas de Rosalía, o primeiro coas poesías primeiras^[5], *Frühe Dichtungen*, título baixo o que acolle *La flor, Lieders* e o poema “A la memoria del malogrado poeta Aurelio Aguirre Galarraga”. O segundo volume contén a tradución alemana da novela *La hija del mar*. Non podemos comentar aquí como merecería este comezo dunha edición alemana que, de seguir adiante e coas bases iniciais das súas dúas primeiras entregas, fará que o mundo de expresión xermánica chegue a ter unha Rosalía inexistente en calquera outra lingua estranxeira; o autor dela, en data 21 de marzo de 2016, comunícanos que ten a esperanza de acabar no verán próximo o volume IV, con *Cantares gallegos, para facer despois o III, no que irá a versión alemana da novela Flavio*. Unha empresa que merece un aplauso enorme^[6].

A realización seguinte do proxecto debeu ter que enfrontarse a problemas moi diversos, como explica o feito de que a tradución de *Cantares gallegos*, na que traballaba Switek xa en 2016, non chegou a publicarse ata finais de 2023, e de feito, o volume IV que a contén, foinos enviado polo autor no mes de xaneiro de 2024, cunha breve nota na que lemos: “Querido amigo Andrés, finalmente conseguí publicar la traducción de Cantares... Mil gracias por tus palabras tan amables en Follas Novas. Me dio ánimo para seguir con el trabajo. Un fuerte abrazo. Christian”.

Tendo en conta o interese que esperta o modo de concebir este proxecto dunhas Obras completas de Rosalía planificado por un filólogo alemán, que nos fai lembrar a paixón que no estudo da súa poesía puxo hai moitos anos, en 1059, unha autori-

[2] Fernández Rodríguez 2014.

[3] R. de Castro, *An den Ufern des Sar*, Gedichte Spanisch und deutsch Übertragung und Nachwort von Fritz Vogelsand, Frankfurt am Main, Insel Verlag, 1987.

[4] Fernández Rodríguez 2014, p. 700.

[5] R. de Castro, *Werke I. Frühe Dichtungen* (1857-1859), Hamburg, 2015. Segundo nos comunicou Christian Switek, esta edición foi inmediatamente substituída por unha nova, correxida e aumentada, que é a que comentaremos neste traballo.

[6] Unha mostra do entusiasmo rosaliano de C. Switek pode verse na páxina web do Google alemán dedicado a Rosalía: www.rosaliadecastro.de Polo que se refire á calidade dos dous libtos xa publicados, véxanse as estupendas introduccións, a riqueza da información e da bibliografía que amosan. Diremos de momento que poderían servir de modelo para moitas edicións feitas en Galiza e no resto de España.

dade como foi Dieter Briesemeister^[7], a quen tivemos a fortuna de chegar a coñecer, e mesmo tratar un pouco, en Granada e en Santiago de Compostela, trataremos de suliñar os aspectos fundamentais do proxecto de Switek, partindo dos volumes publicados, e despois prestaremos especial atención á gran novidade que resulta ser a aparición de *Cantares gallegos* en alemán. Mais previamente daremos unha breve síntese da biografía do autor de tan loable atrevemento.

2. Christian Switek

Ao comezo dos tres volumes xa publicados das *Werke* de Rosalía, o responsable ofrece unhas notas biográficas que, sen dúbida, resultan moi ilustrativas sobre a súa personalidade científica. Presentándose en toda ocasión como traductor e editor (Übersetzer und Herausgeber), que o cualifican como responsable único de todo o proxecto. Switek, nado en 1967, estudou Filoloxía románica, Literatura alemá e Historia en Göttinga, Bochum e Dresde. Ao longo dos seus estudos universitarios ampliou os seus coñecementos das linguas galega e catalana na Coruña e en Barcelona, e despois en Santiago de Compostela, realizando a súa “tese de maestría” en 1999 sobre Rosalía de Castro^[8], e en Vigo. O seu coñecemento da lingua e da literatura galega e española son sorprendentemente extensos, como pode comprobarse nos tres volumes dedicados ás obras de Rosalía dos que falaremos a continuación.

3. Os tres volumes de *Werke* de Rosalía

As características que vai ter definitivamente a edición das *Werke* de Rosalía de Castro en alemán, segundo o proxecto planeado por Christian Switek, dedúcense dos volumes xa publicados, e mais concretamente a partir dos títulos moi explícitos que levan nas súas portadas:

Rosalía de Castro *WERKE I / –Gedichte und frühe Dichtung- / (1857-1863) / Die Blume / Lieder / Zum Gedenken an den zu früh / verstorbenen Dichter / Aurelio Aguirre Galarraga / Für meiner Mutter*^[9].

Rosalía de Castro *WERKE II / -Prosa- / (1859) / Die Tochter des Meers / Novelle.*

Rosalía de Castro *WERKE IV / -Gedichte- / (1863/72) / Galicische Lieder / Zweiprächige Ausgabe / Galicisch und Deutsch.*

[7] Briesemeister 1959.

[8] Switek, 1999.

[9] Como xa indicamos en López e Pociña 2016, p. 29, esta segunda edición, corrixida e aumentada, substitúe inmediatamente a unha primeira de 2015, que nós nunca vimos, que non debe tormarse en conta por inexistente.

De acordo co publicado, as *Werke* alemanas comprenderán a totalidade dos escritos de Rosalía, seguindo unha ordenación cronolóxica, cousa orixinal con respecto ás edicións de *Obras completas* publicadas na Galiza e en España. De momento isto non presentou problemas nos tres volumes publicados, e explica, por exemplo, que o volumen IV, que contén exclusivamente *Cantares gallegos*, indique xa na portada “(1863/72)”, o que equivale a dicir que a edición contén os poemas das dúas edicións feitas en vida de Rosalía, nos anos 1863 e 1872. Pode dicirse, pois, que *Werke III* conterá a novela *Flavio*, publicada en 1851.

Nesa ordenación cronolóxica non se presta atención ao feito de que as obras sexan en galego ou en castelán, nin a que estean en prosa ou en verso. Emporiso, hai unha diferenza fundamental no feito de que as obras en verso, sexan en castelán ou en galego, levan a tradución alemana en páxinas enfrontadas, mentres que as obras en prosa presentan só a tradución, como pode comprobarse no vol. II, coa edición alemana de *La hija del mar*. Estas normas xerais contemplan excepcións, como pode ser o caso do “Prólogo” en galego de *Cantares gallegos*, que leva a tradución alemana en páxinas enfrontadas.

Pouco máis podemos dicir de momento deste moi ambicioso proxecto, que moi tememos que vai atopar problemas importantes na súa edición, cousa que en parte parece indicar o feito de depender totalmente do responsable literario e tradutor, segundo parece reflectirse tamén no feito de denominar aos volumes aparecidos “Edition Switek”.

4. *Cantares gallegos* en alemán

A grande novidade da edición dos *Werke* que temos a fortuna de recensionar consiste na existencia, por primeira vez, dunha edición completa de *Cantares gallegos* nunha das linguas máis importantes de Europa, o alemán. Christian Switek é consciente de ter realizado un traballo exhaustivo na edición, e faino explícito na primeira páxina da portada interior do volume, precisando “Übersetzung, Vorwort, Einleitung und Anmerkungen von Christian Switek”. O primeiro que lemos é o “Vorwort 2023”, escrito cando por fin consegue ver publicado o volume, e faino en alemán e en galego; pensamos que é o documento que reflicte mellor o pensamento de Switek sobre o traballo realizado, polo que imos publucalo por completo, na súa versión galega (Prefacio 2023):

“No ano 2023, toda a Galiza celebrou o 160º aniversario da publicación dos Cantares Gallegos. Non se publicou unha primeira tradución ao alemán para conmemorar esta importante obra para a historia da literatura galega en España. Por iso, é un gran pracer para min poder presentar aos amables lectores a miña tradución da colección de poemas *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Como amante da lingua galega e da súa rica

tradición poética, o meu obxectivo era facer esta obra extraordinaria da literatura galega accesible ao público de fala alemá.

Rosalía de Castro, unha das máis importantes poetas galegas do século XIX, creou un marco na literatura galega coa súa obra *Cantares Gallegos*. Neste volume, non só expresou o seu profundo amor pola súa terra natal, Galicia, senón tamén inmortalizou as loitas e esperanzas das galegas e dos galegos nun tempo de cambio cultural e político.

Ninguén antes de min se atreveu a traducir completamente estes poemas ao alemán, xa que foi unha tarefa hercúlea. E por iso teño que admitilo tamén: “As miñas forzas, é certo, quedaron moito máis abaixo do que alcanzaran os meus desexos”. Tiven que preservar a intensidade poética e a riqueza sonora dos textos orixinais galegos ao traducir ao alemán, ao mesmo tempo que transmitir o significado e o contido emotivo de cada palabra.

Foi importante para min manter o espírito dos poemas e permitir aos lectores unha experiencia de lectura auténtica. Enfrontei o reto de reflectir o carácter único da cultura e da lingua galega na miña tradución. O galego, unha lingua románica de grande importancia histórica, na que xa escribiu o rei castelán Alfonso X o Sabio, ten a súa propia melodía e unha riqueza de expresións que intentei recrear no alemán.

Contei co apoio de moitas persoas galegofalantes experimentadas, que estiveron ao meu lado coñecendo a súa sabedoría e entusiasmo. Enumerar todos estes maravillosos individuos excedería o ámbito deste prefacio, pero todos os galegos e galegas que coñecín durante as miñas viaxes e estadias no país e no estranxeiro deben sentirse citados e asegurados da miña máis profunda gratitude.

É o meu desexo que a miña tradución poida achegar a maxestuosidade da obra mestra de Rosalía de Castro ao público de fala alemá. Os temas universais do amor, a dor, a esperanza e a identidade que se expresan nos *Cantares Gallegos* xa atoparon eco en moitas outras traducións fóra da cultura e lingua galegas. Que estes poemas toquen profundamente aos lectores e lles dean unha visión do rico mundo da literatura galega.

Por último, quero expresar o meu especial agradecemento a todos aqueles que me apoiaron durante o proceso de tradución. O meu agradecemento máis sincero vai para a profesora doutora María José Bravo Bosch, cuxo compromiso incansable e paixón pola cultura galega inspiraron o meu traballo[10]. Sen o ánimo, a paciencia, as análises e

[10] De feito xa ao principio do volume, na páxina seguinte aos créditos, Switek dedica a súa tradución de *Cantares gallegos* “á profesora Dra. María José Bravo Bosch e á sua familia”. Á autora e ao autor deste artigo a Dra. Bravo Bosch éranos moi coñecida por ser catedrática de Dereito romano da Universidade de Vigo, cunha dedicación moi especial aos problemas da situación legal das mulleres na Roma clásica, sobre os que ten incontabeis publicacións. Non temos o pracer de coñecela persoalmente, pero traballos seus, como, só por poñer un exemplo, “L’innegabile influenza sui Gracchi della madre Cornelia” (*AFD* 2020), explícannos o gran afecto co que fala dela Switek. Non deixa, en fin, de ser curiosa a coincidencia do ano do Prefacio que citamos, 2023, co do nomeamento da Dra. Bravo Bosch como Secretaria Xeral da Universidade de Vigo.

pensamentos perspicaces, o infinito apoio e estímulo continuo desta científica excepcional da Universidade de Vigo, esta tradución non chegaría nun feliz desenlace. É unha enorme honra que poida dedicar a miña tradución á profesora doutora María José Bravo Bosch e á súa familia, o que mostra a súa inmensa bondade.

Agora só queda esperar que esta tradución dos *Cantares Gallegos* abra aos lectoras de fala alemá as portas á beleza e á profundidade da cultura galega e lles proporcione unha experiencia de lectura enriquecedora”^[11].

Na primeira nota da Introducción, Switek sinala que cita *Cantares gallegos* seguindo a edición de Mauro Armiño do ano de 1986^[12]. Despois da súa introdución propia á obra e a bibliografía (pp. 22-86), presenta as portadas das edicións primeira (Vigo, Compañel, 1863) e segunda (Madrid, Leocadio López, 1872). A edición de Switek presenta puntualmente a dedicatoria a Fernán Caballero, o prólogo orixinal e trinta e cinco poemas, exactamente os mesmos, e coa mesma numeración, como poden ser os dunha edición clásica propiamente dita, digamos a nosa de 1992^[13].

Un dos aspectos que chama poderosamente a atención do volume *Werke IV* é a inmensa Bibliografía, que abrangue nada menos que corenta e seis páxinas (pp. 22-64, máis 4 sen numeración). Switek comeza por unha selección de edicións de obras de Rosalía que sinala que empregou para editar o texto, a tradución e as notas (edicións de Carballo Calero 1998, María Xesús Lama 1995, Andrés Pociña e Aurora López 1992, Mauro Armiño 2009, Mauro Armiño 1996), pero outras moitas edicións diferentes aparecen nos apartados bibliográficos seguintes. No correspondente á literatura primaria poderíamos afirmar, dende a experiencia que nos proporcionan os moitos anos dedicados á bibliografía rosaliana[14], que non é doado botar en falta títulos importantes de libros ou artigos dedicados a Rosalía, e polo contrario resulta sorprendente achar outros, sen dúbida raros, que se explican polo longo tempo que pasou Switek investigando nas tres universidades galegas, ou pola consulta constante dos repertorios bibliográficos axeitados. Un derradeiro apartado de literatura secundaria xeral explica os exhaustivos coñecementos do responsable desta edición de *Cantares Gallegos* en cuestións de galeguismo, historia de Galiza, teoría literaria, feminismo, e un longo etcétera de temas importantes para a empresa editorial levada a cabo. Unha simple ollada, mesmo superficial, ás páxinas da bibliografía que estamos comentando demostra o seu valor, sen dúbida exemplar, para moitas edicións que seguen a realizarse nos últimos anos, cheas de omisións lamentábeis de tantos libros rosalianos de importancia decisiva.

[11] Castro 2023, pp. 13 e 15.

[12] Castro 1986..

[13] Castro 1992.

[14] López e Pociña 1991, López, Pociña e Pociña-López 2017.

A edición complétase cun conxunto de 160 notas, moitas delas de contido xustificable tendo en conta que o público lector contemplado vai ser alemán, pero outras moitas tocan temas que poderían ter valor informativo para lectoras e lectores de calquera procedencia, como pode servir de exemplo a nota 1, na que Switek explica as posibles razóns polas que *Cantares gallegos*, unha obra tan significativa no rexurdimento da literatura en lingua galega, se editase cunha adxectivación castelá no título. É unha explicación que non estamos afeitos a atopar nas edicións desta obra fundamental de Rosalía.

Para rematar a recensión desta por fortuna primeira edición alemana completa de *Cantares gallegos*, pola que damos as máis sentidas e sinceras grazas a Christian Switek, facémolo como temos o hábito de facer sempre que comentamos unha tradución a unha lingua estranxeira, exemplificándoa por medio da versión dada a un poema destacado ou un fragmento cando se trata dunha obra en prosa. O poema escollido neste caso é o número 15 da colección, “Adiós, ríos; adiós, fontes”; non parece necesario explicar as razóns que moven esta nosa escolla:

*Ade Flüsschen; ade Quellen;
Ade, ihr kleinen Bächlein;
Ade, meine Augenweide: ich weib
nicht, wann wir uns wiedersehen.*

Meine Heimat, meine Heimat,
Heimat, wo ich aufgewachsen bind,
Gärtchen, das ich so sehr liebe
Feigenbäumchen, die ich pflanzte.

Auen, Flüsse, Wäldchen,
Winde im Kieferhain,
zwitschernde Vöglein
Häuschen meiner Freude.

Mühle im Kastanienwald,
klare Mondscheinnächte,
klingende Glöckchen
meines Dorfkirchleins,

Brombeeren am Dornenstrauch,
die ich dir, Liebste, gegeben hab`,
Pfade in den Maisfeldern, ade!
Auf ewig, ade! Auf ewig, ade!

Ade, Seligkeit! Ade, Freude!
 Ich verlass' das Haus, wo ich geboren!
 Ich verlass' das Dorf, das ich kenne,
 ich gehe in eine fremde Welt!

Die Freunde verlass' ich für Fremde,
 die Auen verlass' ich für das Meer,
 alles verlass' ich, was ich so sehr liebe...
 Glückliche, wer hier bleiben darf...!

.....

Ich bin arm und zu meinem Unglück
 gehört mir meine Heimat nicht!
 Sogar das haben sie nur verliehen:
 das Ufer, wo ich entlang wandere,
 an dem ich Unglückliche geboren bin.

Nun muss ich euch verlassen,
 mein Gärtchen, dass ich so sehr liebte,
 Feueresse meines Herdes,
 Bäumchen, die ich pflanzte,
 Quelle am Weideweg.

Ade! Ade, ich gehe fort!
 Ihe Blumen auf dem Friedhof,
 wo mein Vater begraben liegt,
 ihr Blumen, die ich so oft küsste,
 Heimat, die euch aufzog.

Ade, Jungfrau Mariä Himmelfahrt,
 weib wie ein erhabener Seraphim:
 ich trage euch in meinem Herzen;
 betet zu Gott für mich, ich bitte euch,
 meine Jungfrau Mariä Himmelfahrt,

Bald hört man aus so weiter Ferne,
 die Glocken aus Pomar; für mich
 aber, für mich Unglückliche, ach!
 werden sie niemals mehr läuten.

Bald hör ich sie nur auch aus weiter Ferne,
Jeder Schlag ist ein Schmerzensstob;
und ich gehe fort, allein, ohne Halt...
Meine Heimat, ade! Ade!

Ade auch dir, meine Liebste!...
Ade, für immer vielleicht...
Ich sag' dir weinend ade,
ade vom Meeresufer aus.

Vergiss mich nicht, meine Liebste,
wenn ich vor Einsamkeit sterbe...
so viele Meilen fort seewärts...
Mein Häuschen! Mein Heim!

Dende o ano 1987 tiñamos unha moi ben editada versión alemana do poemario *En las orillas del Sar*; agora, grazas aos volumes I e IV do proxecto de edición alemana das *Werke* de Rosalía, xa poden lerse tamén na lingua xermánica as poesías de mocidade e a colección completa de *Cantares Gallegos*. Gostaríanos animar ao amigo Christian Switek a centrar o seu profundo coñecemento da lingua e da cultura galegas para conseguir o volume dedicado a unha versión alemana de *Follas novas*, deica agora inexistente, que é para nós a obra máis fermosa das poesías de Rosalía de Castro.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Briesemeister, Dietrich (1959), *Die Dichtung der Rosalía de Castro*, München. Ludwig Maximilians Universität.
- Castro, Rosalía de (1986), *La flor, A mi madre, Cantares gallegos (Edición bilingüe) Poesía completa I*, Madrid, Espasa Calpe.
- Castro, Rosalía de (1992), *Poesía galega completa I Cantares gallegos*, Edición de Andrés Pociña e Aurora López, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións.
- Castro, Rosalía de (1987), *An den Ufern des Sar*, Gedichte Spanisch und deutsch Übertragung und Nachwort von Fritz Vogelsand, Frankfurt am Main, Insel Verlag,
- Castro, Rosalía de (2015). *Werke I. Frühe Dichtungen, (1857-1859)*, Übertragung und Einleitung von Christian Switek, Hamburg, Primera edición, inmediatamente substituída pola correxida e aumentada, de aparente igual título, de 2017.
- Castro, Rosalía de Castro (2017), *WERKE I / –Gedichte und frühe Dictung- / (1857-1863) / Die Blume / Lieder / Zum Gedenken an den zu früh / verstorbenen Dichter / Aurelio Aguirre Galarraga / Für meiner Mutter*. Edition Switek,
- Castro, Rosalía de (2016), *WERKE II / -Prosa- / (1859) / Die Tochter des Meers* Novelle, Edition Switek,
- Castro, Rosalía de (2023), *WERKE IV / -Gedichte- / (1863/72) / Galicische Lieder / Zweisprachige Ausgabe / Galicisch und Deutsch*. Edition Switek,
- Fernández Rodríguez, Áurea (2014), “Rosalía de Castro: no principio foi a tradución”. en R. Álvarez, A. Angueira, M. do C. Rábade, D. Vilavedra (coords.), *Rosalía de Castro no século XXI: unha ollada*, Santiago, Consello da Cultura Galega, pp. 689-704.
- López, Aurora e Pociña, Andrés (1991-1993), *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990)*, La Coruña, Fundación Barrié de la Maza.

- López, Aurora e Pociña, Andrés (2014), “Para unha edición crítica da *Obra completa* de Rosalía”, en R. Álvarez, A. Angueira, M. do C. Rábade, D. Vilavedra (coords.), *Rosalía de Castro no século XXI: unha ollada*, Santiago, Consello da Cultura Galega, pp. 405-413.
- López, Aurora e Pociña, Andrés (2016), “Últimas tendencias na bibliografía de e sobre Rosalía”, *Follas novas* 1, 172-197.
- López, Aurora, Pociña, Andrés, Pociña López, Andrés José (2017), *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1991-2000)*, Padrón, Fundación Rosakía de Castro.
- Pociña, Andrés e López, Aurora (2000), *Rosalía de Castro. Estudios sobre a vida e a obra*. Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.
- Switek, Christian (1999), *Nation, Literatur und Weiblichkeit - Rosalía de Castro im Spanien des 19. Jahrhunderts*, Göttingen.

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO